

SUFIXOS

1.- Sufixos apreciativos ou alterativos:

- Engaden unha noción de tamaño, intensidade ou valoración afectiva.
- Non cambian a categoría gramatical da palabra da que derivan.

	Forma	Exemplos
Diminutivos	-iño / -iña *	carriño, mesiña, xoiña
	-elo / -ela	fontela, soutelo
	-echo / -echa	pequecho, bolecha
	-ete / -eta	vellete, saqueta
	-ico / -ica	fachico, choromica
	-ote / -ota	rillote, vellote
	-olo / -ola	raparigola, cabezolo
	-uco / -uca	leiruco, mulleruca
	-ucho / -ucha	Carmucha, Pepucho
Aumentativos	-uxo / -uxa	Catuxa
	-azo / -aza	festaza
Despectivos	-ón / -ona	casona, zapatón
	-aco / -aca	libraco
	-allo / -alla	borralla
	-acho / -acha	regacho, fiacha
	-ancho / -ancha	ferrancho
	-ucho / -ucha	casucha
	-ello / -ella	casarello
	-exo / -exa	lugarexo
	-oupo / -oupa	casoupa

* O sufixo **-IÑO/-IÑA**, un dos máis rendíbeis no galego, ten os seguintes valores:

- propiaamente **diminutivo**, modificando o sentido dun substantivo concreto coa noción de menor tamaño: a mesiña de noite.
- intensificador**, fundamentalmente con adxectivos, indefinidos e adverbios: o ceo está clariño; hoxe non fixen nadiña.
- expresa o **sentimento de afecto** do falante sobre determinado ser ou obxecto: despois de xantar non perdoa a súa sestiña.
- en función **apelativa** úsase procurando o favor ou boa disposición do interpelado: tes que ser boiño e axudarme; sentidiño, rapaces, non fagades esa toleria.
- aínda que menos frecuente, tamén pode ter valor **despectivo**: que vas esperar desta xentiña ?

2.- Sufixos derivativos:

- A partir de substantivos, adxectivos ou verbos crean novas palabras da mesma categoría ou doutra: branc-o (adx.)/ branc-ura (subst.)/ branqu-ear (verbo)/ branc-a-mente (adv.)
- Fíxate sempre na categoría gramatical da nova palabra derivada para que che axude no valor semántico que engade o sufixo: barb-eiro “profesión”// fest-eiro “calidade ou característica que posúe aquel que lle gusta a festa”

Orixinan substantivos a partir de substantivos

Colectivos	-ada	estacada, ramada
	-ado	alumnado, profesorado
	-axe	follaxe
	-ame / -amia	cordame, dentamia
	-dura	dentadura
	-aria / -ario	poemario, maquinaria
	-eiro / -eira	cancioneiro, cabeleira
	-al	instrumental, areal
	-menta	osamenta
	-edo / -eda	arboreda, rochedo

Vexetais	-eiro / -eira	piñeiro, figueira
	-eiro / -eira	carballeiro, erbedeiro
	-al	canaval
	-ido / -edo / -eda	figueirido, piornedo
	-ar	olivar, pomar
Locativos	-ario	herbario, incensario
	-eiro	billeteiro, botelleiro
	-eira	leñeira
	-ería / -aría	librería, libraría
Temporais	-ada	alborada, internada
	-eira	sementeira
	-ía	invernía, nordesía
Acción	-ada	badalada, coitelada
	-azo	estacazo, fungueirazo
	-ada	cuada, fuciñada
	-ada	cacitada, parrulada
Profesión	-erio / -eira	barbeiro, zapateiro
	-ario / -aria	bibliotecaria, empresaria
	-ista	artista, ebanista

Orixinan substantivos a partir de adxectivos:

engaden o significado de "condición, acción, que posúe a calidade de"...

-ada	parvada
-ade: -idade/-iedade/-ldade/ -ndade/-rdade/-ltade/-rtade/ -zade	realidade, arbitrariedade, crueldade, irmandade, liberdade, dificultade, pubertade, amizade.
-eira	coxeira, canseira
-emia	tolemia
-ería	pillería
-ez	acidez, vellez
-eza	cativeza, beleza
-ía	valentía
-icia	malicia
-iza	xustiza * Nun exame de ABAU corrixiórona como simple.
-itude	altitude, lonxitude
-ncia	elegancia
-ume	acedume, podredume
-ura	brancura, amargura
-or	espesor

Crean substantivos a partir de verbos:

engaden o significado de "acción e efecto de"...

-ado/-ada	mercado, furado, arroiada
-ido/-ida	cocido, pruído, ferida, acometida
-ancia	abundancia, militancia
-encia	conveniencia
-anza	ciranza, comparanza
-enza	crenza, doenza
-nte	doente, delincuente
-ción	audición, cocción
-sión	fusión, visión * ás veces a raíz vén do étimo latino, non do verbo ver.
-doiro	paridoiro, ancoradoiro, embarcadoiro

-torio	auditorio, escritorio
-dor	comedor, abridor
-dora	aspiradora, batedora
-tor/-sor/-or	agresor, tradutor, relator
-eira	malleira
-mento	coñecemento
ón	atración, acelerón
-dura	atadura, fechadura
-ura/-tura/-sura	ruptura, clausura

Orixinan adxectivos a partir de substantivos

engaden o significado de: calidade de, xentilicios, relativo a, probabilidade ...

-ado/-ada	colorado,
-al	coloquial, colosal
-án/-á	nugallán/á, cidadán/-á, ermitán/-á, castelán/á. alemán/-á
-án/-ana	*caracterizadores pexorativos: folgazán/-ana; pillabán/-ana; cagán/-ana; testán/-ana.
-ano/ana	urbano/urbana; parroquiano/parroquiana; mundano/mundana
-ico/-ica	patolóxico, maniático
-eiro/-eira	mareiro, festeiro
-ario/-aria	literario, parlamentario
-ego/-ega	vilego, chairego
-eño/-eña	lugareño
-ento/-enta	lmacento, coirento
-eo/-ea	lácteo, óseo
-il	infantil, pastoril
-ino/-ina	cristalino
-iño/-iña	mariña
-ítimo	marítimo
-oso/-osa	agarimoso, caudaloso
-izo/-iza	calmizo, outonizo
-udo/-uda	bicudo, celludo

Sufixos para xentilicios

Para a formación dos xentilicios baseados en nomes de lugar galegos empréganse os alomorfos **-án / -a** (compostelán/compostelá, ourensán/ourensá, muradán/muradá), **-es / -esa** (cambadés/cambadesa, vilanovés/vilanovesa, vigués/viguesa), **-ense** (pobrense, miñense, bañense, tudense, pastoricense), **-ego / -ega** (chairego/chairega), **-eiro / -eira** (betanceiro/betanceira), **-ino** (fonsagradino/fonsagradina, monfortino/monfortina). Os lugares do bloque centro-oriental poden presentar un xentilicio coa terminación dialectal **-ao/-á** (lancaraio/lancará, melidao/melidá, masidao/masidá, dezaio/dezá, courelao/courelá, cortegao/cortegá...).

Para formar os xentilicios baseados en nomes de lugar non galegos empréganse, ademais dos mesmos sufixos que se utilizan para formar os galegos (catalán/catalá, alemán/alemá, afgán/afgá; alavés, albanés, bahamés; aveirense, badaxocense, canadense; habaneiro, sampauleiro, santiagueiro; filipino, palestino, arxentino, mallorquino, menorquino), estoutros: **-ano/-ana**: cubano/cubana, mozambicano/mozambicana, alsaciano/alsaciana... **-iano/-iana**: caboverdiano/caboverdiana, laosiano, ecuatoriano... **-magrebí**, fecí, bengalí, beirutí, paquistaní... **-eño/-eña**: caribeño, rondeño, porteño, malagueño, xibaltareño... **-arra**: bilbotarra, biarriztarra, donostiarra. **-enco/-enca**: sabadellenco, flamenco... **-ón/-oa**: bretón/bretoa, teutón/teutoa, saxón/saxoa.

Outras terminacións menos rendíbeis son as que aparecen en monegasco, croata, polaco, andaluz, provenzal, europeo, biscaíño, español...

Orixinan adxectivos a partir de adxectivos

-eiro/-eira	careiro, cativoiro
-án/-ana	brután, pillabán

Orixinan adxectivos a partir de verbos

engaden o valor de probabilidade, axente, relativo a...

-ble/-bel	incible, axustábel (valor de "probabilidade")
-bundo	moribundo
-dizo	anoxadizo, escorregadizo, esquecediza.
-deiro/-deira:	Indica "coa característica acusada de" (faladeiro, andadeiro), e substantivos co valor de "obxecto que serve para" (escumadeira, cebadeiro, abrazadeira...). algúns tamén indican "lugar onde se realiza algún labor" (fiadeiro, picadeiro...)
-ivo/-a (-tivo/-sivo)	agresivo, comparativa
-doiro/-a	inmorredoiro, pagadoiro
-as (-anas,-icas/-ichas)	caganas, acusicas, pedichas
-nte (-ante/-ente/-inte/-iente)	mangante, afluente, principiante, crente. *Cando o verbo é da III Conxugación danse tres solucións: + -ENTE: reluciente, influente + -IENTE: conveniente, sobresaliente + -INTE: seguinte, oínte

Orixinan verbos a partir de substantivos e adxectivos

engaden o valor de "acción de, ás veces cun matiz de acción frecuente..."

-ar A-.... -AR EN-... -AR Afixos discontinuos Parasíntese	ancorar, baleirar abombar, adiar envenenar, embalsamar
-ear	mantear, pentear
-exar	pestanexar, branquexar
-ecer EN-... -ECER	madurecer, florecer endurecer, empobrecer
-ificar	certificar, clarificar, plastificar
-izar	colonizar, galeguizar, poetizar
Orixinan verbos a partir de verbos	
-icar	choromicar
-iscar	lambiscar
-iñar	durmiñar

Orixinan adverbios

valor "modal"

A partir de adxectivos (se ten flexión de xénero: feminino)	loxicamente, boamente, facilmente, alegremente, posibelmente (en galego son palabras graves rematadas en vogal, polo tanto non se acentúan)
A partir de indefinidos	mesmamente